

Recordatorio de deberes legais dirixido á Consellería de Política Social e Xuventude para que con urxencia se leve a cabo a valoración da idoneidade da solicitante do acollemento e a proposta debidamente motivada, e que se adopten todas as medidas necesarias para garantir unha determinación obxectiva do interese do menor neste suposto e a situación que asegure a reintegración do bebé coa súa proxenitora con todos os apoios necesarios, incluídos os derivados da súa propia familia.

Expediente: O.3.Q/11312/22

Santiago de Compostela, 25 de maio de 2023

Sra. conselleira:

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención XXXX, con DNI XXX. No seu escrito indícanos que é a avoa de XXX, con seis meses cumpridos o día 22 de novembro.

#### ANTECEDENTES

1. O escrito de queixa foi presentado na data do 17 de novembro de 2022 e solicitamos informe a esa consellería con rexistro de saída do 23 de novembro.
2. Daquela, a queixa tiña por obxecto o seu desacordo polos atrasos e contradicións na tramitación da súa solicitude para o acollemento familiar do seu neto que, segundo relata, foi trasladado a un centro de protección tras a retirada da tutela á súa nai, XXX. O bebé naceu en Lugo onde, segundo manifesta, está o seu expediente de protección.

No seu escrito relata distintas manifestacións das técnicas do Servizo de Menores nunha reunión celebrada en Lugo o 21 de outubro de 2022, con indicación da forma de organizar as visitas ao seu neto. No escrito sinala que o día 22 de outubro presentou a documentación que lle foi requirida: DNI, autorización para consulta de antecedentes, vida laboral, renda, libro de familia, padrón e certificado do rexistro civil.

Nese momento, o bebé estaba acollido por unha familia allea en Lugo.

A persoa que promoveu o expediente expresaba o seu desacordo polo atraso do ETM de Lugo en remitir o expediente de solicitude de valoración de idoneidade para o acollemento

familiar en familia extensa do seu neto á Xefatura Territorial de Pontevedra, por ser a provincia de residencia da solicitante.

3. O informe remitido pola consellería a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica foi rexistrado nesta institución con data do 26 de xaneiro de 2023. Unha vez examinado en detalle o devandito informe, apreciábase unha elevada carga valorativa sobre a persoa solicitante por parte do ETM de Lugo, non adecuada nesta fase do procedemento e máis propia do informe técnico de idoneidade que non lle correspondía realizar a este equipo técnico. Por todo o anterior, foi preciso solicitar dese órgano que, con urxencia, se facilitase información complementaria sobre os seguintes feitos e circunstancias obxectivas:

a) O informe é claro na distribución de competencias entre os equipos técnicos, correspondéndolle á Xefatura Territorial de Lugo reunir a documentación que se debe xuntar á solicitude para remitila á Xefatura Territorial de Pontevedra, órgano competente para a valoración da idoneidade da solicitante. Así, indica que o 09.11.2022 (rexistro 11.11.2022), se lle realizou á persoa que promove este expediente “un requirimento por escrito da documentación preceptiva para poder continuar coa tramitación do expediente de acollemento, isto é, do informe ou certificado médico de saúde física e psíquica, a autorización para petición de informes e o certificado de antecedentes penais”.

*Dito requirimento respondía á necesidade de completar a súa documentación, acto previo ao inicio da súa valoración como persoa acolledora, a cal conleva un prazo máximo de 3 meses desde a entrega da documentación completa.*

*Cando os familiares residen nunha provincia distinta á da residencia do menor, a valoración de adecuación para o acollemento correspóndelle ao Equipo Técnico do Menor (ETM) da provincia de residencia dos posibles acolledores. Este foi un feito que se deu no caso de XXX, xa que ela vive na provincia de Pontevedra, polo que lle competiu ao ETM de Lugo, abriulle o expediente, completar a documentación pertinente e informar á/aos solicitantes sobre a natureza e efectos do acollemento polo persoal especializado na materia (todos eles aspectos contemplados na Circular de acollemento familiar de 09.02.2022), pero sería ao de Pontevedra ao que lle correspondería facerlle as entrevistas”.*

O mesmo sucede coa reiteración de citas para entrevistas, para as que ese ETM non sería competente. En concreto, sinala o informe que se lle trasladou a necesidade de manter unha entrevista informativa cos técnicos de acollemento na sede deste servizo en Lugo.

Sobre a pertinencia das entrevistas mantidas coa avoa solicitante do acollemento polo ETM de Lugo, diferéncianse varios momentos procedimentais que se citan no informe remitido pola Dirección Xeral. Trátase en concreto da “sesión informativa”, do “permiso de convivencia” e da “valoración de adecuación”. O informe complementario, tras citar a normativa aplicable para unificar e homoxeneizar criterios nos acollementos familiares en familia extensa e allea, establecidos por esta Dirección Xeral en virtude da circular número 1 do 9 de febreiro de 2022, sinala que as reunións coa avoa se mantiveron para determinar a posible formalización ou non dun permiso de convivencia en tanto non se valoraba a adecuación da familia da solicitante.

O informe pon de manifesto que o permiso de convivencia é unha figura excepcional que se emprega para manter nenos, nenas ou adolescentes no seu ambiente familiar máis próximo en tanto, por exemplo, non ten lugar a valoración de adecuación da familia extensa. A utilización do permiso de convivencia só é posible cando non existe ningún tipo de dúbida en relación ao superior interese do neno, nena ou adolescente. Tal proceso de valoración da adecuación está estruturado en fases que se deben atender para salvagardar a adecuada integración de nenos e nenas nas familias de acollida. Non obstante, cando as primeiras valoracións aconsellan como máis adecuado para o interese do neno ou nena manterse no seu ambiente, artículase o permiso de convivencia.

No que respecta ao interese superior do neno tiveron especial relevancia as consideracións en relación ao traballo para reintegralo coa súa nai, así como o conflito que existía nese momento entre a nai e a avoa, conforme indicaron as técnicas. Malia que o equipo deu relevancia a esta situación de conflito, informóuselle á avoa materna do procedemento que debía seguir para solicitar o acollemento familiar do seu neto, situación que non parece congruente.

b) Resulta preciso sinalar que o informe de saúde mental da avoa materna se remonta a 2016. Non obstante, como consta na páxina 12 do primeiro informe remitido por esa Dirección Xeral, a propia interesada achegou un informe psiquiátrico de 23 de agosto de 2021. Este informe foi actualizado a solicitude do ETM, e coa autorización da interesada, por outro de data 13/12/2022 emitido pola mesma USM, como consta na páxina 14 do primeiro informe desta Dirección Xeral.

O informe resulta insistente na información solicitada e recadada do centro de especialidades de Mollabao, en Pontevedra, e valora diagnósticos e tratamentos, función completamente allea ao Servizo de Lugo. Solicitouse desa consellería que aclarase a cualificación e formación do ETM para extraer conclusións sobre a idoneidade de futuros acolletores sobre a base de

informes de saúde mental. Resulta preciso esclarecer se a valoración sobre o alcance de certas patoloxías de saúde mental e dos tratamentos farmacolóxicos dos posibles acolletores se fai sobre a formación dos equipos técnicos de menores nesta materia, aplicando os seus propios criterios, ou son os informes médicos e psiquiátricos os que valoran a relevancia de certos trastornos no exercicio das funcións de garda a estes efectos.

Na información complementaria remitida, esa Dirección Xeral considera que a actual distribución de competencias establece que son os equipos técnicos do menor os que deben propor (sen ben estas propostas non son vinculantes) as medidas máis adecuadas en relación ao superior interese do menor, tendo en conta a miúdo unha pluralidade de factores. Os informes médicos e psiquiátricos, son xeralmente interpretados como un elemento máis da valoración da adecuación da familia. E, como con todo tipo de informes, os equipos técnicos poden solicitar as aclaracións que consideren oportunas. No caso que motiva este informe, as persoas concretas que estiveron máis directamente implicadas na intervención dispoñen de cualificación profesional, como as psicólogas e a traballadora social.

Insiste o informe en que a valoración que se levou a cabo tiña como obxecto o establecemento dun permiso de convivencia inmediato, non a valoración definitiva da adecuación para este acollemento. Non obstante, o teor literal do informe de Mollabao inclúe consideracións que foron valoradas como un elemento importante en relación ao interese superior do neno.

Cómpre insistir novamente en que non consta que existiran indicacións específicas no informe psiquiátrico achegado sobre a incompatibilidade do estado de saúde da solicitante co exercicio dun permiso de convivencia e, por extensión, das funcións inherentes ao acollemento familiar do seu neto. Son os profesionais de saúde mental os únicos que poden indicar nos seus informes a incidencia dun trastorno no correcto exercicio das funcións de coidado dun menor. Confírmase no informe complementario achegado que foi o propio ETM de Lugo o que determinou a incidencia desa situación na valoración da solicitante.

c) Consta no informe que a solicitante do acollemento remite un informe de intervención do Centro de Información á Muller de Pontevedra do 20.02.2020, no que se considera que é vítima de violencia de xénero, así como un informe do 21.12.2016, da Subdirección Xeral para o Tratamento da Violencia de Xénero, respecto dunha resolución xudicial por violencia de xénero ditada polo Xulgado de Instrución n.º 3 de Pontevedra.

O informe non contén a menor valoración deste aspecto, a diferenza doutras cuestións como as causas dun despido ou problemas de natureza laboral. Nin se afonda nesta condición de

vítima de violencia de xénero da avoa nin se vincula ao inicio da abordaxe dos trastornos de saúde mental nese mesmo ano 2016. Débese aclarar cal é a formación en materia de violencia de xénero dos membros dese ETM e a súa cualificación para avaliar a situación das vítimas de violencia de xénero como posibles acolledores en familia extensa.

Na información complementaria sinálase, no relativo á condición de vítima de violencia de xénero, que esa Dirección Xeral entende que non compete ao equipo técnico tal situación, senón a adecuación da solicitante para o acollemento dun neno concreto. Isto é porque non se valora que a condición de vítima de violencia de xénero supoña un dato relevante, e moito menos negativo, para decidir sobre a adecuación para acoller nenos ou nenas. Así na circular de acollemento familiar só se cita a violencia de xénero para establecer restricións aos agresores (apartado 3.3.i) e para incluír como materia na formación continua para as familias acolledoras a temática de prevención contra a violencia de xénero (apartado 3.9.1).

Ademais, o ETM sinala que tendo en conta que a circular de acollemento familiar menciona como requisito “non existir nas historias persoais circunstancias persoais, familiares e sociais non superadas na actualidade e que impliquen risco para a NNA” ou “desfrutar dun estado de saúde física e psíquica que garantan unha atención normalizada da NNA”, a información sobre este aspecto e sobre os problemas laborais se inclúen no informe aos efectos de darlle traslado da información achegada pola interesada ao equipo de Vigo, xunto co resto da documentación.

d) O Servizo de Menores de Lugo non aclarou cal foi o procedemento seguido para denegar o acceso á información pública nas outras solicitudes de acollemento tramitadas, coas prevencións e cautelas establecidas na normativa aplicable respecto da protección dos datos persoais, así como as resolucións ditadas coa indicación dos procedentes recursos.

Na información complementaria, en relación con esta información sobre outras solicitudes de acollemento en familia extensa, sinálase que a Dirección Xeral, á vista do expediente, e salvo falta de documentación, entende que non se solicitou formalmente (a través dun rexistro que permitise asegurar a identidade da persoa interesada). As solicitudes de información pública que exceden da copia do expediente presentadas de acordo co procedemento administrativo resólvense directamente nestes servizos centrais precisamente para asegurar os dereitos de todas as persoas interesadas. En consecuencia non se seguiu ningún procedemento regulado para contestar. Con todo, si que se lle comunicou de modo informal, como consta no primeiro informe (páxinas 13 e 14), da existencia de máis solicitudes.

En relación a este punto, o Servizo de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica de Lugo, a solicitude específica da Dirección Xeral, considerou que: “Desde o ETM informouse da existencia de máis solicitudes respecto do seu neto, entendendo que non compete a este servizo facilitarlle máis información ao respecto, non se entende que a información comprendida nun expediente de solicitude de acollemento sexa pública. Respecto do correo remitido por dona XXX o 13.12.2022, as afirmacións que realiza corresponden coa información que se lle transmitiu na reunión informativa. A información relativa ás solicitudes de acollemento en familia extensa facilítase aos proxenitores do menor (cantas solicitudes e que persoas solicitan) de cara a ser oídos no procedemento e explorar a relación dos proxenitores cos solicitantes, dado que dentro dos factores de risco nun acollemento se contempla a conflitividade elevada entre proxenitores e acolletores”.

e) O informe remitido pola consellería, que é extremadamente detallado nas datas e no contido das reunións e entrevistas, non contén ningunha valoración do interese máis necesitado de protección, o dun bebé que desde o seu nacemento amosa a falta de coidados e a clara repercusión no seu estado de saúde da falta de habilidades para a crianza que o propio informe salienta reiteradamente nos seus proxenitores. O ingreso nun centro de protección dun neno de cinco meses é contrario á lei, agás en situacións de urxencia e a falta doutros recursos de protección, que non concorren neste suposto, xa que o expediente foi aberto o 13 de outubro cando xa constaba nos servizos sociais información de interese sobre o caso. O informe indica que “XXX foi trasladado ao centro Ollos Grandes de Lugo, indicándolles aos seus pais que se lles comunicarían os horarios para velo, así como calquera outra indicación da dirección do centro de protección. Previamente, as técnicas intentaron contactar cos membros do Programa de acollemento familiar de Cruz Vermella coa fin de solicitarlle unha familia de acollida para XXX”.

Debía aclararse en que consistiu o intento de contacto coa Cruz Vermella e por que non é ata o 17 de outubro de 2022 cando se lle remite unha solicitude á Cruz Vermella para que determinase unha familia acolleadora, proposta que foi recibida o día 19.

A valoración que o ETM realizara anticipadamente sobre a avoa materna é o que xustifica “que o equipo de menores non considerara a posibilidade de concederlle un permiso de convivencia a XXX, priorizando o acollemento de XXX cunha familia allea do banco de Cruz Vermella. Pese a todo, o ETM mantivo unha entrevista coa avoa materna, na que se lle informou do proceso de acollemento, aportándolle a documentación precisa para solicitalo”. Debían aclararse os motivos desta decisión, cando aínda nin se recadara a información e documentación precisa para valorar no ámbito técnico a súa idoneidade.

O informe complementario insiste en que resulta acreditado, ao entender desa Dirección Xeral, que xa ao longo do primeiro informe se pon de manifesto que o plan individualizado de protección do neno tiña como obxectivo a reintegración co seu núcleo familiar máis directo, en concreto, coa súa nai.

*A garda provisional é unha figura de urxencia que permite protexer a un NNA mentres se completa a valoración da súa situación. Este ETM, realizou un primeiro contacto cos proxenitores (venres 14.10.2022) no que se valorou a adopción desta medida, polo que ese mesmo día e dada a urxencia da situación, contactouse co Programa de acollemento familiar da Cruz Vermella telefonicamente en varias ocasións de cara a solicitar unha familia de acollida, non sendo posible acordouse o internamento no centro, mentres se tramitaba a solicitude. Compre salientar que con anterioridade á asumir a medida, ofrecéronselles alternativas á proxenitora. Tendo en conta a curta idade do neno, e a excepcionalidade do recurso residencial pola urxencia da situación, facilitáronse aos proxenitores permisos no centro sen limitacións. O luns 17.10.2022, remítese o informe á Cruz Vermella. O 21/10/2022 o neno pasou á custodia dunha familia do banco de familias alleas de Cruz Vermella.*

O informe complementario recibido conclúe coas seguintes consideracións:

*Polo momento, o neno permanece protexido nunha familia acolledora, mentres se efectúan os traballos que farán posibles as valoracións de adecuación e as correspondentes resolucións administrativas que serán comunicadas ás familias solicitantes, como se indica na circular de acollemento. Neste momento realizáronse entrevistas e visitas domiciliarias ás unidades familiares solicitantes, se ben están pendentes entrevistas complementarias.*

*A prudencia demostrada polo Servizo de Lugo ao non autorizar o permiso de convivencia nunha situación de conflito familiar vese reforzada pola aparición no expediente de distintos informes que deben ser obxecto dunha coidada valoración interdisciplinar.*

*Cómpre insistir en que a non autorización deste permiso de convivencia non prexulga o resultado da futura valoración de adecuación, que en calquera caso debe ser motivado, como toda resolución administrativa. Ademais, e como é preceptivo, no seu momento, de ser o caso, a interesada poderá presentar os recursos administrativos e xudiciais que considere oportuno en relación á cuestión da valoración de adecuación”.*

## ANÁLISE

Na supervisión da actuación administrativa neste caso, é preciso ter en conta as Instrucións contidas na vixente Circular sobre o acollemento familiar:

[https://politicassocial.xunta.gal/sites/w\\_polso/files/arquivos/xeral/circular\\_no-1\\_acollemento\\_familiar\\_gal.pdf](https://politicassocial.xunta.gal/sites/w_polso/files/arquivos/xeral/circular_no-1_acollemento_familiar_gal.pdf)

-En relación co permiso de convivencia, a Instrución establece que “favorecerase a permanencia do neno ou adolescente no seu propio ambiente, procurando que o acollemento se produza en familia extensa, agás que non sexa aconsellable para o interese do menor ou mentres esta non sexa valorada como adecuada. Só nos casos nos que non exista familia extensa ou esta non sexa axeitada ou conveniente para o neno, se optará por un acollemento en familia allea” (apartado 2.b).

*No caso de que sexa necesario un período de convivencia previa de transición ou de axuste do menor coa familia emitirase unha resolución contemplando a medida que subxace (tutela ou garda) e o recurso provisional (permiso de convivencia, solo no caso de familia extensa) que dean cobertura legal á situación do menor. (...) O período de convivencia terá unha duración máxima de 2 meses prorrogable, por causa xustificada e excepcional, ata un máximo de 4 meses. Este prazo poderá estenderse unicamente debido á falta de informes preceptivos (médico, social, policial) previa autorización do Servizo de Protección de Menores da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.*

*Logo dun permiso de convivencia emitirase unha nova resolución, cuxa data coincidirá co contrato de acollemento, segundo o indicado no apartado seguinte (formalización).*

Neste caso, non consta que se emitira a preceptiva resolución administrativa na que se concedese ou denegase á solicitante o permiso de convivencia, coa especificación dos recursos oportunos.

-En relación á reintegración cos seus proxenitores, é un dos obxectivos primeiros da protección á infancia e á adolescencia, en liña coas previsións legais recollidas na Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Axuízamento Civil. Así pois, a non ser que concorran circunstancias distintas ás expostas no primeiro informe da Dirección Xeral, esa unidade mantén que os obxectivos



últimos da actuación se corresponde cos criterios que deben rexer, de acordo coa normativa actual, o sistema de protección á infancia (isto é, insistimos, a reintegración coa súa familia directa tras as accións reparadoras oportunas).

XXX naceu o 22 de maio de 2022 en Lugo. O primeiro informe da Administración xa indicaba que os proxenitores do neno residían en Lugo desde unhas semanas antes do seu nacemento pero que non contaban con ningunha rede de apoio, posto que ambos son orixinarios da provincia de Pontevedra.

No primeiro informe indicábase: “o ETM observa a necesidade de manter a proximidade entre nai e fillo, co obxecto de favorecer os contactos necesarios de cara a unha posible reintegración do menor no núcleo familiar de orixe; ao que hai que engadir a dificultade dos pais para clarificar a súa previsión de futuro (lugar de residencia, presentación de solicitude de garda voluntaria, inicio dun plan de traballo, relación de parella) ou que non hai constancia de que exista unha forte vinculación entre avoa e o seu neto, considerando que dende o seu nacemento ata a data na que se adoptou a garda provisional transcorreron case 5 meses, nos que só conviviron dúas ou tres semanas (non foron capaces de concretar ditos prazos)”.

Detéctase neste caso un evidente desaxuste entre o propósito de reintegración e a realidade. XXX permanece acollido por unha familia allea en Lugo, residindo XXX en distintos lugares da provincia de Pontevedra fai varios meses e non existindo xa convivencia entre os proxenitores. Esta situación dificulta os contactos e as visitas. É preciso salientar que o informe da Administración confirma que, o 29 de novembro de 2022, se recibe un escrito de XXX por rexistro comunicando o seu traslado a Vigo, provisionalmente no domicilio do seu pai. Solicitou o traslado do expediente a Vigo, así como a integración de XXX coa súa nai como acollidora.

-Sobre as comunicacións que a interesada continúa enviando á Xefatura Territorial de Lugo e a estes servizos centrais, o informe complementario considera xustificada a actuación da Xefatura Territorial de Lugo en relación ao plan individual de protección de XXX: “En concreto, e como xa se expresou, ao existir un manifesto conflito entre avoa e nai do neno e ao tempo un proxecto de reintegración do bebé coa súa proxenitora, parece xustificada, de acordo coas actuais instrucións ditadas por esta Dirección Xeral a non autorización do permiso de convivencia en tanto se valora de forma pormenorizada a adecuación do núcleo familiar da interesada”.

Novamente é preciso insistir en que o ETM de Lugo non ten a competencia para valorar a relación entre nai e filla, como se fai reiteradamente nos informes. Esta cuestión, unha vez denegado o permiso de convivencia e adoptada unha medida de garda sobre XXX, debe ser obxecto de valoración polo Servizo de Pontevedra, cunha actualización de entrevistas e informes sobre o tipo de interacción entre a avoa solicitante do acollemento e a nai coa que se pretende unha reintegración familiar, co obxectivo de crear un núcleo de convivencia favorable para XXX.

-Sobre o incumprimento dos prazos no procedemento, o 27.10.2022 comunicóuselle á interesada a súa inscrición no Rexistro de solicitantes de acollemento familiar da Xefatura Territorial da Consellería de Política Social e Xuventude en Lugo, co número de expediente XXX. Respecto da tramitación do expediente de acollemento, a Consellería de Política Social e Xuventude considera que, tal e como se reflicte nos informes, non existe dilación na tramitación do mesmo, tendo en conta que, tras a recepción da solicitude, se realizaron todos os trámites administrativos pertinentes, que consistiron en:

- Apertura do expediente da solicitante de acollemento.
- Comunicación á interesada da súa inscrición no Rexistro de solicitantes.
- Contacto telefónico informándoa da correcta recepción da súa solicitude, da situación do seu expediente e da documentación necesaria que non achegara.
- Requirimento escrito da documentación que debía achegar.
- Recepción da documentación.
- Solicitude do informe actualizado da USM non achegado pola solicitante e recomendado polo médico de atención primaria.
- Remisión da copia do expediente de acollemento familiar XXX, solicitada pola Fiscalía de Menores en virtude do acordado nas Dilixencias de Investigación Penal XXX/2022, tras a denuncia presentada pola solicitante.
- Entrevista informativa coa solicitante sobre a natureza, procedemento e características do acollemento familiar relativo ao seu neto.
- Entrega do cuestionario persoal, que a interesada remite cuberto.
- Recepción da documentación pendente e das informacións que remite a interesada vía correo electrónico.

Os trámites anteriormente mencionados, tal como salienta o informe, teñen como obxecto completar a documentación para ser remitida á Xefatura Territorial de Vigo a fin de valorar a súa adecuación para o acollemento familiar.

De toda esta relación de trámites e documentos, neste caso só houbo que recadar o informe actualizado da USM, que consta que foi remitido o 13.12.2022, data a partir da cal cómpre considerar completada a documentación, que debería ter sido remitida con carácter inmediato á Xefatura Territorial de Vigo.

A Instrución establece que no caso de familia extensa, a valoración inicial será realizada polo ETM da xefatura que corresponda. A valoración deberá levarse a cabo nun prazo máximo de tres meses desde a entrega completa da documentación para o ofrecemento. Este prazo ten sido amplamente superado o que supón un incumprimento obxectivo do prazo do procedemento por parte da Administración e unha demora non xustificada no trámite correspondente do expediente de protección.

## CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Política Social e Xuventude o seguinte **recordatorio de deberes legais**:

Que con urxencia se leve a cabo a valoración da idoneidade da solicitante do acollemento e a proposta debidamente motivada sobre todos os factores indicados na Circular n.º 1/2023, sobre “Instrucións para unificar e homoxeneizar criterios nos acollementos familiares en familia extensa e allea” e que, unha vez feita a proposta por parte do ETM de Vigo, a Xefatura Territorial elabore unha resolución na que figure a adecuación ou non adecuación da solicitante, con indicación dos recursos pertinentes.

E a seguinte **recomendación**:

Tendo en conta que se debe procurar que o acollemento se produza en familia extensa, agás que non sexa aconsellable para o interese do neno nos casos nos que esta non sexa axeitada ou conveniente, é preciso que se adopten todas as medidas necesarias para garantir unha determinación obxectiva do interese do menor neste suposto e a situación que asegure a reintegración do bebé coa súa proxenitora con todos os apoios necesarios, incluídos os derivados da súa propia familia. A tal fin, que se procure manter a maior proximidade entre nai e fillo, co obxecto de favorecer os contactos necesarios de cara a unha posible reintegración do menor no núcleo familiar de orixe e tomando en consideración a vontade da nai neste momento.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo de un mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta se incluírá na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas, daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoa atentamente.

María Dolores Fernández Galiño  
Valedora do Pobo